

a Mourida

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - NOVENBRO DE 2020

LÉVAME!
YOU CONTIGO

CRIME SCENE - DO NOT CROSS - CRIME SCENE

DO NOT CROSS - CRIME SCENE - CRIME SCENE - DO NOT CROSS - CRIME SCENE - DO NOT CROSS

A ESCENA DO CRIME

AS RÚAS DE COLOR NEGRA

DO NOT CROSS - CRIME SCENE



Fondo de Proxectos Culturais

Xacobeo 2021

galicia




Xacobeo 2021




XUNTA
DE GALICIA

NAVEGA POLA REVISTA INTERACTIVA




SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓNS

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓNS

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.

SUMARIO

Ilustración de portada: Rubén González



PÁX. 7

FRANCISCO CASTRO



PÁX. 30

**PULMÓN
CON AIRE MAREIRO**



PÁX. 23

PEQUERRECHOS



PÁX. 25

REDES DE INCERTEZA



PÁX. 28

PACEWICZ NA DESMEMORIA

PÁX. 5

EDITORIAL

PÁX. 6

OLLO AO DATO

PÁX. 11

CAMIÑO DE AUGA

PÁX. 13

O CIRCO

PÁX. 15

OUTRAS MOVIDAS

PÁX. 17

LOCAIS RECOMENDADOS

PÁX. 19

**AS RÚAS
DE COLOR NEGRA**

PÁX. 29

AS OUTRAS LUCES

PÁX. 31

AS TÚAS MOVIDAS

Revista **A Movid**a | Volume 3 (5), novembro de 2020

Edición: Tamara Novoa | **Redacción:** José A. Martín Curty, Maruxa Gesto, Estela Gómez, Ernesto Is, Laura Juncal, Judith R. Iglesias, Pablo Vázquez Varela | **Fotografía:** Felipe Carnotto, Pablo Vázquez Varela | **Deseño e maquetaxe:** Rubén González | **Deseño web:** Beatriz Barros | **Mercadotecnia:** Tamara Novoa e Lourdes Tomé | **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movid Cultural S.L.L. Unha creación de Beatriz Barros e Tamara Novoa

Impreso por Gráficas Lasa S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

[f](#) [@](#) [@amovidavigo](#) | [amovida.gal](#)

A Movid non se responsabiliza das opinións expresadas nos contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.

Agora que os días son máis curtos e grises, a cidade adquire un aquel que a converte nun marco idóneo para abranguer tramas tan truculentas como as que implican asasinatos, persecucións ou secuestros. Pode que todo iso teña algo que ver coa proliferación de escritores que escollen Vigo como escenario para as súas novelas.

Aínda é cedo para sabelo, pero é probable que co tempo nas escolas se estude o fenómeno literario que estamos a vivir no presente. Máis alá de se estas obras se poden denominar como literatura criminal, relato policial, xénero negro ou con calquera outra etiqueta, o máis importante é que hai unha xeración que aposta pola escrita en galego de novelas que atraen un público moi numeroso. Conseguen enganchar unha inxente cantidade de lectores e, de paso, esoutra historia dunha cidade, retallos que noutras circunstancias permanecen no **ESQUECIMENTO.**



OLLO AO DATO

A HOSTALERÍA É, sen dúbida, un dos sectores máis afectados polas actuais medidas sanitarias. Varios restaurantes da cidade únense á iniciativa de adiantar a cea ás 20.00 horas, permitindo así desfrutar da última comida do día nun horario máis saudable que nos permita rematar antes do toque de queda.

VOLVE O PETISQUIÑO! Do luns 16 ao domingo 29, o concurso de tapas máis ambicioso da cidade volve retar os nosos pais cos bocados máis exquisitos cunha sétima edición que se adapta á pandemia da COVID-19 no formato de tapas para levar.



NO MES DE SANTOS, A MÁIS TARDAR, PONTE A SEMENTAR



O CINECLUB SUNSET BOULEVARD promove a exhibición comentada de diferentes filmes que se poderían denominar como históricos. Tras unha pequena presentación, o Museo Marco acolle o martes 24 o pase con subtítulos español da película francesa *Cléo de 5 à 7* (1962), de **Agnès Varda**, que se sucede dun coloquio aberto a toda a audiencia. Máis que nunca, o aforo é limitado, polo que é necesario inscribirse chamando ao teléfono 986 11 39 00, extensión 100, ou a través do enderezo electrónico repcion.marco@gmail.com



Francisco Castro

«SEMPRE ESCRIBÍN EN GALEGO, CREO QUE É DE SENTIDO COMÚN»

TEXTO: TAMARA NOVOA FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

O 2020 PROMETÍA SER UN BO ANO para **Francisco Castro** (Vigo, 1966). En febreiro publicaba a novela *Tantos anos de silencio na Editorial Galaxia, da que é o director, e que este ano celebra o seu 70º aniversario. O estalido da pandemia mundial fendeu todo. Aínda así, puidemos gozar dunha conversa ao sol do outono na praia da Punta da Guía, na parroquia de Teis.*

Por que escolliches este lugar para a entrevista?

Nacín aquí, estou moi vencellado a este lugar e co paso dos anos intento vencellar-me máis. Igual que **Woody Allen** mostra Manhattan nos seus filmes, a min gústame contar as miñas historias desde o meu espazo máis inmediato.

Es bo coñecedor da historia de Teis, como se espertou en ti ese interese?

Desde moi cativo eu escoitaba as historias da xente do naval. Nalgunhas das miñas obras, como *Barricadas de sal* ou *Tes ata as 10*, está presente a folga obreira do 72 na que Teis tivo un protagonismo enorme. Iso fixo que, chegada a idade adulta, prendese en min o

interese por afondar en todo iso, documentarme e aprender máis do tema.

Como comezaches a escribir?

Sempre fun moi comunicativo e, como todos os artistas —no fondo, os escritores somos artistas—, teño un ego que non me cabe dentro. Quen diga que fai arte e non ten ego seguramente nos está mentindo. En cuarto de Filosofía, en Santiago, tomei a decisión dunha maneira máis metódica e ambiciosa de poñerme a escribir. De feito, publiquei o meu primeiro libro con 22 anos, polo que foi unha decisión moi temperá e moi marcada.

É posible vivir da escrita en galego?

Creo que, agás **Domingo Villar**, non hai ninguén que poida vivir unicamente dos dereitos de autoría. Eu teño a sorte de poder dedicarme á edición, pero hai outra xente que ten que dar clase, escribir artigos, dar conferencias, formar parte en xurados...

Móstraste como unha persoa moi comprometida coa lingua. Sempre escribiaches en galego, non?

Sempre escribín en galego e só escribirei en galego. Creo que é de sentido común. Os ingleses escriben en inglés, os franceses en francés... No entanto, os galegos temos





**«Só quieren
un mundo
en desigualdade
os que están
na parte
de arriba»**





que estar falando de compromiso. Imaxina se a **J. K. Rowling**, autora de *Harry Potter*, lle preguntan se está comprometida coa lingua inglesa por escribir en inglés: esa señora non entendería a pregunta... Isto explica a situación da lingua propia de Galicia: se decidimos escribir en galego, asumimos un labor de compromiso, un labor político en defensa do idioma.

Avanzada a túa carreira, empezaches a escribir literatura xuvenil. Tivo algo que ver con iso o feito de ser pai?

Levaba xa unha importante obra dirixida ao público adulto e xa tiña un recoñecemento con premios de certo renome cando decidín escribir un libro infantil, *Chámadame Simbad*, e si, foi coincidindo coa paternidade. Cando o meu fillo tiña 11 anos, a miña nai caeu enferma de alzhéimer, está todo no libro.

A España da posguerra, o franquismo, está presente en varias novelas túas, entre elas a última, *Tantos anos de silencio*. É un tema que te preocupa?

Moitísimo. No Parlamento hai 52 deputados dun partido herdeiro do franquismo. Isto significa que non se solucionou ben o tema da guerra. España non solucionou ben o tema da represión e da violencia, todo o que fixo o franquismo e que a transición bendiciu. Só agora nós, que somos os netos de toda aquela xente, nos atrevemos a dicir que queremos coñecer a verdade e queremos que se faga xustiza cos represaliados.

Outro tema recorrente nos teus libros é a violencia contra a muller, o mundo patriarcal...

Preocúpame moito como cidadán que ano tras ano medre a violencia machista.

Preocúpame como cidadán que Vox negue a existencia desa lacra. O feminismo busca a igualdade, non busca acabar cos homes, nin busca a supremacía da muller. Creo que calquera persoa decente debe de buscar a igualdade, pois só queren un mundo en desigualdade os que están na parte de arriba.

Como feminista declarado, botas en falta que os homes estean máis presentes na causa?

Evidentemente. Os homes temos que declararnos abertamente feministas e ir sempre na parte de atrás das manifestacións do 8-M, pois hai que deixar que elas protagonicen todo iso. Pero é importante que os homes asumamos o que en Filosofía chamamos

nova masculinidade. Temos que desprender e esquecer a masculinidade testosterónica na que fomos educados para camiñar cara a un novo modelo de home. Un home máis pegado á sensibilidade e menos á violencia.

«Galaxia nace para coidar de Galicia, non para enriquecerse»

Como se produciu o teu nomeamento como director da Editorial Galaxia en 2012?

O consello de administración da Editorial Galaxia decidiu que eu fose o director. É a primeira vez que un director de Galaxia vén da canteira. Os anteriores directores, como **Carlos Casares** ou **Víctor Freixanes**, viñeron de fóra para dirixir a editorial e creo que a gran novidade é que esta vez apostaron por unha persoa que xa coñecía moi ben os alicerces da editorial.

Como conseguiu Galaxia converterse na editorial decana de Galicia?

Ao entrar nas dependencias de Galaxia, o primeiro que se ve é un cadro do 25 xullo de 1950, retratando a primeira xunta xeral de accionistas que tivo lugar preto de Santiago. →



Galaxia nace para coidar de Galicia, para coidar da lingua, da cultura, e niso estamos. Galaxia non é unha empresa que ten que pensar en facerse rica a toda costa, senón que ten que pensar no país, non ten que acoller no seu catálogo libros que simplemente se vendan se non achegan algo á cultura. Eu creo que esa é a gran forza da marca da Editorial Galaxia.



Pero aínda que o obxectivo principal non mudase, si que houbo cambios, non?

Por suposto. E hai cambios especialmente cando chega un novo director. **Carlos Casares** acolleu a literatura infantil e xuvenil que se estaba facendo nos anos 70, **Víctor Freixanes** abriu Galaxia á modernidade con traducións de moitos clásicos contemporáneos como **Murakami** ou **Pamuk...** No meu caso, traio a renovación xeracional do catálogo, a chegada de moitas voces novas, sobre todo femininas.

Que valoración fas da literatura galega actual?


Creo que a literatura galega é de primeirísimo nivel. Cada vez somos máis os autores e as autoras que publicamos noutras linguas. Iso é porque entenden que a nosa obra é de calidade.

Como está a influír a crise do coronavirus no mundo editorial?

Como autor, machucoume. A novela saíu nas catro linguas oficiais do Estado e estaba prevista toda unha xira por diferentes cidades de España que non se puido facer; tamén ía ir á Arxentina e tampouco puíden. Como editor, imaxina a traxedia que supón para min que pechen as librerías de todo o país. Iso fíxonos un dano espantoso, como nolo está facendo o feito de que a xente se está volvendo moi conservadora á hora de consumir.

Como enfocades o futuro ante tal situación?

Gravitamos ao redor de dúas decisións. A primeira, non parar; seguir publicando e seguir facendo os mellores e máis bonitos libros do mundo. Pero ao mesmo tempo se o ano pasado publicamos algo máis de 100 novidades, este ano publicamos arredor de 65, porque o mercado se retraeu. Temos que seguir, pero con moitísima máis prudencia.



CAMIÑO DE AUGA

Estouvos a escribir. Tende en conta que son unha xoaniña. Imaxino que se alguén tivese a posibilidade de mirarme por un buracuño agora mesmo, non daría creto. Que como escribo? Pois voando de tecla en tecla. Así é. Podedes imaxinalo agora?

Sabela xa non se sorprende. Mudeime a vivir con ela hai un tempo. Vivimos na rúa de Pizarro. Atopámonos a primeira vez nos xardíns da praza de Compostela. Eu estaba a cantaruxar un tema de **Rosalía** —«tra, tra»— e, tras de min, andaba ela sen eu sabelo co seu sixilo particular. Escoitoume. Sentiu unha maruxiña cantar e non dixo nada. Tirou de ukelele e púxose a dar as notas por baixo do meu cantaruxo. Épico. Levoume para a súa casa a coidar das plantas para que non collesen becho e a sermos amigos. Xenial.

A casa de **Sabela** é gloria bendita. Temos de todo. Sabendo o moito que me gustan a min as cores, as formas, a ilustración, a música... Cadros por toda a casa e unha terraza pequena con orquídeas, palmeiras, suculentas... Unha pequena selva chea de vida e color que fai esquecer o labirinto urbano e o ruído que hai abaixo. O tocadiscos no salón abrangue unha escolla moi persoal que inclúe clásicos dos 70 e os 80, con especial protagonismo de **David Bowie** e

ITINERARIO

Rueiro veciñal de Zamáns: 1 Parque forestal de Zamáns, 2 Fervenzas da Freixa, 3 Galiñeiro, 4 Encoro de Zamáns, 5 Muíños do río Zamáns.

DISTANCIA E DURACIÓN

7,05 quilómetros, 1 hora e 47 minutos.

MISIÓN

Coñecer o rural.



de **Queen**. Pero tamén están **Novedades Carminha, Papaya, Vetusta Morla...** O eclecticismo, ben, grazas. E que dicir da cianotipia? Eu non sabía nada dese termo e agora tenme fascinada. Consiste en facer estampados na tea coa axuda dos raios do sol mediante un proceso químico. O resultado é tan sinxelo como abraiante, produce un efecto contundente no que as formas toman o protagonismo. Francamente interesante. As fins de semana imos facer sendeirismo. →

Temos por obxectivo percorrer todos os itinerarios que a xente do programa de educación medioambiental *Camiño a Camiño* ten tan ben coidados. Hai unha chea deles para elixir.

Desta volta, comezamos na parroquia de Zamáns. Eu non estivera nunca por alí. É unha zona moi enxebre, cunha igrexa moi aquela no seu adro e un par de bares. Moi queda, paga a pena a visita. Pareceume un sitio ideal para vivir no campo estando preto da cidade. Despois vén a subida ao monte. Lonxe queda o cumio do Galiñeiro, ao que non nos achegamos porque percorremos pola ladeira do leste. Un camiño sen árbores que non me gustaría facer nun día solleiro de verán. O ar limpo e o silencio soamente foi interrompido por dúas motos de montaña. Cando xa se avistan a cidade e mais a ría, toca baixar polo sur. Unha baixada doce por un sendeiro ben limpo que transcorre entre unha infinidade abrumadora de eucaliptos. Un contraste co tramo anterior. Finalmente, chegamos ao encoro. Non sei que teñen os encoros que me desacougan. Penso que non son naturais, que a natureza está alterada. Faime pensar que nesas augas

habitan seres estraños. O xene galego, supoño. O camiño transcorre polas humidades circundantes no que me pareceu unha sorte de mangleiral pantanoso. A sorpresa final está na desembocadura do río no encoro. Unha zona cuberta pola follaxe das árbores e inundada polo son da auga onde unha nai aleitaba o seu meniño. Unha sensación de atemporalidade increíble. Arredándonos do encoro, tras uns poucos centos de metros, damos cos pintorescos muíños de Zamáns, que se manteñen nun estado ideal para recibiren visitas. Paramos a ler sobre as muiñadas e as muiñeiras:

«Unha noite no muíño,
unha noite non é nada,
unha semana enteira,
esa si que é muiñada»

Amor puro. Uns cantos centos de metros máis adiante, volvemos ao punto de partida. Collemos un autobús de regreso á casa. Estes coches de liña van un pouco cheos de máis, ou?

SALA REBULLÓN // OUTUBRO-NOVEMBRO

31 OUTUBRO TODO O DÍA	SAMAÍN NAS PEDRIÑAS 12:30H BRAIS DAS HORTAS / 17:00H PAKOLAS DE BALDE	3€
1 NOVEMBRO 18:00	LOHENGRÍN TEATRO "A MIRADA DAS BOLBORETAS" (CONTA CONTOS, PÚBLICO FAMILIAR)	3€
6 NOVEMBRO 13:00	MAX TEATRO "RUTINAS" (COMEDIA)	3€
7 NOVEMBRO 17:30/20:15	STONED AT POMPEII Fin de Xira "Ancroidal" Entradas www.entradium.com "SUXEITO A MODIFICACIONS"	12€ / 15€
8 NOVEMBRO 13:00/20:00	BOCABEATS COMEDIA 13:00 SESIÓN INFANTIL / 20:00 SESIÓN ADULTOS	6€ / 10€
14 NOVEMBRO 18:00	THE TURRE'S BAND + SUSTACIADOS	7€ / 8€
15 NOVEMBRO 18:00	ANDARAVÍA TEATRO "BRINCA CONTOS" (PÚBLICO FAMILIAR)	3€
20 NOVEMBRO 19:00	FONTEVELLA TEATRO "BALNEARIO A CONDESINA" (COMEDIA)	3€
21 NOVEMBRO 18:00	LESTRATO FEST Pöisong + The impossibles	15€
22 NOVEMBRO 20:00	MONÓLOGO - ARANTXA TREUS SEXO DEBIL "O CARALLO"	7€ / 10€
27 NOVEMBRO 20:00	PROXECCIÓN: "HIJAS DE GALICIA. MACORINAS." DE XOSÉ LOIS SANTIAGO E FRAN NAVEIRA	DE BALDE
28 NOVEMBRO 20:00	LEDA ATÓMICA	7€ / 10€

AFORO LIMITADO



info@salarebullon.com

Tlf. 616 52 38 07


SALAREBULLÓN.COM

AS
PEDRIÑAS
TERRITORIO
CULTURAL



FELIPE CARNOTTO

Fotógrafo documental



O CIRCO

NOS TEMPOS UNIVERSITARIOS, NO PISO DEVORÁBAMOS FILMES DE GRANDES CINEASTAS. LEMBRO CANDO CHEGOU A HORA DE ADMIRAR A PELÍCULA DE FELLINI *8 1/2*. DESPOIS DA SESIÓN ESTIVEMOS FALANDO DA VIDA E DA OBRA DO DIRECTOR. EU QUEDEI COA EXPLICACIÓN VITAL CIRCENSE. AGORA, NUNS TEMPOS ATÍPICOS, MIRO A SITUACIÓN POLÍTICA E SOCIAL COMO UN GRAN CIRCO. UNHA DE BERLANGA E OUTRA DE FELLINI, ABRANGUIDO NA TERRIBLE SITUACIÓN PROPICIADA POLA COVID-19 NO ESTADO.



 **NA CASA**
#violencia zero
Nana 2020

4 DE NOVIEMBRE, ÁS 12 H

Exposición **Rompe, xoga en igualdade**. Mercado municipal, Tomiño

5 DE NOVIEMBRE

Mulleres en acción. Violencia zero.

Praza de España, centro multiúsos, entrada ao auditorio. Meis

6 DE NOVIEMBRE

Mulleres en acción. Violencia zero.

Pavillón polideportivo da Xunqueira. Moaña

12 DE NOVIEMBRE, ÁS 9:30 H

Xornada da **Escola María Vinyals**

NOVIEMBRE

Obradoiro de Sensibilización en Igualdade. Escola de Enfermería

19 DE NOVIEMBRE

Presentación da **sexta edición de Mulleres en acción. Violencia zero**

25 DE NOVIEMBRE

Mulleres en acción. Violencia zero. Pontevedra

26 DE NOVIEMBRE

Mulleres en acción. Violencia zero. Vigo

ÚLTIMA SEMANA DE NOVIEMBRE

Presentación da campaña **Xoguete non sexista e non violento 2020**

VENRES 6 E SÁBADO 7 EL KANKA + MCENROE AUDITORIO MAR DE VIGO

Volven os *Momentos Alhambra: Acustiquísimos* cunha xornada dobre de música. Na primeira data actúa **El Kanka**, cantautor malagueño moi habilidoso coa guitarra e cun estilo único que o fixo despuntar nos últimos anos. Ao outro día temos encol do escenario a **McEnroe**, a veterana banda vasca de *indie* que lidera **Ricardo Lezón**.

ÁS 21.30 H // DESDE 12,00 €



DO VENRES 13 AO DOMINGO 15 HERE COMES YOUR MAN SALA ÁRTIKA

Antigos alumnos dunha escola relixiosa reúnen-se toda a fin de semana nun hotel para festexar a xubilación do que foi o seu titor. Tócalles compartir cuarto a Torres e Morais, que non é que foran moi amigos durante a escola. Con tal motivo, pónense a recordar o pasado...

VENRES E SÁBADO ÁS 20.30, DOMINGO ÁS 20.00 H
DESDE 10,00 €

SÁBADO 14 O MEL NON CADUCA AUDITORIO DO CONCELLO

Un espectáculo biodegradable da compañía Ibuprofeno Teatro, con **Avelino González** e **Marián Bañobre** en escena e **Santiago Cortegoso** asinando o texto e a dirección, arredor da relación do ser humano cos obxectos, da degradación ecolóxica do planeta e da obsolescencia programada, tanto dos produtos como das persoas.

ÁS 21.00 H // DESDE 8,00 €



Foto: Diego Sotro



NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS MOITOS EVENTOS DE NOVEMBRO EN VIGO



Foto: Normi Elias-Bacurina

SÁBADO 21 MI CAPITÁN + MUÑOZ AUDITORIO MAR DE VIGO

Mi Capitán é un supergrupo de músicos experimentados provenientes de bandas moi coñecidas do panorama estatal, como **Love of Lesbian**, **Egon Soda** ou **Standstill**. Nesta ocasión veñen acompañados por **Muñoz**, unha banda viguesa que debuta con este concerto.

ÁS 20.30 H // DESDE 20,00 €

SÁBADO 21 DOCE UVAS, DÚAS MULLERES E UNHA OLIVA AUDITORIO DO CONCELLO

Noitevella. Dúas actrices en escena (**Sonsoles Cordón** e **Cecilia Vázquez**), dúas mulleres nas que reflectirse a través das súas fraquezas e virtudes. **Marián Bañobre** dirixe, en clave de comedia e subversión, unha historia de empoderamento feminino na procura duns soños tan anhelados como a derradeira oliva do prato.

ÁS 21.00 H // DESDE 8,00 €



DOMINGO 22 ARANTXA TREUS: SEXO DÉBIL... O CARALLO! SALA REBULLÓN -MOS-

Púidose ver en series como *Gondar*, *Serramoura* ou *Fariña*, que non son comedias, pero **Arantxa Treus** vén nesta ocasión disposta para demostrar o ben dotada que está para o humor nun monólogo na liña doutros espectáculos dos que formou parte como *No es país para coños* ou *Monstruación, una comedia monstruosa*.

ÁS 20.00 H // DESDE 7,00 €




Foto: @riskyman


LOCAIS RECOMENDADOS



BOUZAS



BALAÍDOS - NAVIA






-  **1 ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
- 2 ALTA FIDELIDAD** *Praza da Constitución, 12*
- 3 ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
- 4 BRUTAL BAZAR** *Carral, 19*
- 5 CIBUS NAVIA** *Teixugueiras, 11 e Teixugueiras, 29*
-  **6 DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
-  **7 EL CONTRABAJO** *Venezuela, 82*
- 8 EL MONO VINTAGE BAR** *Velázquez Moreno, 37*
- 9 EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 10 ELEPÉ, DISCOS** *Doutor Cadaval, 35*
- 11 FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
- 12 FONSECA GOURMET - DELICATESSEN** *Camelias, 123*
- 13 GÁLGALA** *Pracer, 4*
- 14 ÍCARO, PUB** *Pintor Colmeiro, 3*
- 15 JUKEBOX** *Heraclio Botana, 4*
-  **16 LA CASA DE ARRIBA** *Martín Códax, 23*
- 17 LA TIENDA DE PAZ** *Canceleiro, 11*
- 18 LE MARCHÉ DE RACHEL** *Marqués de Valadares, 22*
- 19 LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
- 20 MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
- 21 MERCADO DE TEIS** *Toural de Abaixo, s/n*
-  **22 MIMOSA CAFÉ TEATRO** *Travesía de Vigo, 72*
- 23 MR. MOCH BEER** *Irmandiños, 15*
- 24 NATURNOVA AFUNDACIÓN**
Velázquez Moreno, 18 - 20
- 25 NIKIS GALICIA STYLE**
Praza da Pedra, 5 e Porta do Sol, 8
- 26 NÓS - CERVEXERÍA** *Palma, 3 e Fisterra, 1*
- 27 PATOURO** *Praza de M. Diego Santos, 3*
-  **28 PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
- 29 RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
-  **30 ROUGE** *Pontevedra, 4*
- 31 SARA GARCÍA PELUQART** *Couto Piñeiro, 2*
- 32 SEDE AFUNDACIÓN** *Policarpo Sanz, 24 - 26*
- 33 SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
- 34 TEATRO AFUNDACIÓN** *Policarpo Sanz, 13*
- 35 TEATRO ENSALLE** *Chile, 15*
- 36 TREPÍA GASTRONOMÍA** *Carral, 9*
- 37 VERDE MOSTAZA** *Paraguai, 6*
- 38 VITTER, BAR DE COCKTAILS** *Afonso XIII, 32*
- 39 WOODTOWN** *Camelias, 20*


-  **ARTE E MUSEOS**
-  **GASTRO**
-  **CONCERTOS**
-  **PEQUERRECHOS**
-  **COPAS**
-  **TENDAS**
-  **ESPECTÁCULOS**

 **TAXI** VIGO  **986 47 00 00**
 **647 47 00 47**

PARA MÁIS INFO SOBRE OS LOCAIS VISITA
AMOVIDA.GAL/LOCAIS-RECOMENDADOS

 Pechado temporalmente

As rúas de color negra



TEXTO E FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

POLO XERAL, OS ÍNDICES DE CRIMINALIDADE en Vigo adoitan estar por debaixo da media estatal. Isto non se cumpriu o ano pasado, pois no 2019 rexistráronse máis de 2.500 infraccións; pero a nosa cidade consta como unha das máis seguras entre as grandes urbes españolas. Con todo, parece que nos últimos anos esteamos a vivir unha consolidación da novela negra con marco vigués.

Para algúns, a aparición de *Ollos de auga*, o libro que **Domingo Villar** publicou no 2006, marcou o inicio dunha tendencia da novela negra ambientada na nosa localidade. Despois desá primeira incursión, o inspector Leo Caldas volvería en dúas entregas posteriores: *A praia dos afogados* (2009) e *O último barco* (2019). Asasinatos, pescudas, violencia e unha atmosfera particular na que goberna a ambigüidade son algunhas





das características típicas deste tipo de relatos que, en xeral, gozan dunha grande aceptación entre o público. Outro autor ao que se tende a agrupar neste xénero é **Pedro Feijoo**, quen se desmarca da etiqueta afirmando que a súa aclamada obra *Os fillos do mar* (2012) é «unha novela de aventuras»; alén das etiquetas, unha morte misteriosa volve facer acto de presenza na cidade na que o arquitecto Simón Varela intenta dar co responsable namentres que xorden tramas relacionadas coa Batalla de Rande ou coa guerra civil española. *Os fillos do lume* (2017) e *Un lume azul* (2019) son outros dos seus libros que poderíamos encadrar dentro desta categoría.

Con todo, o *thriller* ambientado na nosa área metropolitana non naceu onte. Xa na última década, diversos autores fixeron as súas incursións na materia: **Francisco Castro**, con *In vino veritas* (2011) e *O corazón da Branca de Neve* (2014); **Elena Gallego Abad**, con *Sete caveiras* (2014); **Daniel Cid**, con *La gabardina azul* (2016); **Manuel Esteban**, coa saga iniciada con *A ira dos mansos* (2016), sucedida por *O meu nome é Ninguén* (2018) e *A vinganza dos homes bos* (2020); **Beto Luaces**, coa serie *Vicus, un lugar do común* (2017) e *Vicus, un lugar aquelado* (2019); **Alicia Borrás**, con *La voz rota* (2018); **Cándido Paniagua**, con *O caderno de erros* (2018); **Óscar Vázquez**, con *Ángeles robados* (2018); **Marta Currás**, con *La memoria de las olas* (2019) ou **Ledicia Costas** con *Infamia* (2019), aínda que neste último caso a trama transcorre en Merlo, unha pequena poboación ficticia situada ás aforas de Vigo. Pero non se pode falar do relato policial vigués sen amentar a **Manuel Forcadela**, autor do primeiro fenómeno popular do xénero, *Sangue sobre a neve* (1990), a vendidísima novela que inicia a serie protagonizada por Toni Barreiro, un exboxeador que malvive como cobrador de morosos.

Como resulta lóxico, Vigo non é o único lugar de Galicia onde podemos perseguir asasinados a través das páxinas dun libro. De feito, as orixes deste xénero na nosa literatura poderían situarse en *Crime en Compostela* (1984), de **Carlos G. Reigosa**. O detective Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde protagonizaron desde aquela cinco novelas, chegando a Vigo na última, *A vinganza do defunto*. A esta listaxe podemos sumar nomes como os de **Diego Ameixeiras**, **Xurxo Borrazás**, **Miguel Anxo Fernández**, **Bieito Iglesias**, **Arantza Portabales**, **Manuel Rivas**, **Antonio Tizón** ou a dupla formada por **Nieves Abarca** e **Vicente Garrido**.

Tamén existen os casos de autores locais que sitúan as súas tramas alén do Padornelo, como fai **María Oruña** con *Puerto escondido* (2015), na costa cantábrica; que propoñen perspectivas históricas, como **Fran P. Lorenzo** con *Cabalos e lobos* (2015); ou de formas máis transgresoras, como **Julían Hernández** con *Sustancia negra* (2015), unha mestura de *pulp*, *steampunk* e surrealismo kafkiano.

Pero de verdade son as nosas rúas un caldo de cultivo para a acción criminal? Será cousa do clima, do ambiente portuario ou do abrupto urbanismo? Ou máis ben será cousa da mercadotecnia? Existen similitudes ao acontecido nos oitenta coa movida: se ben é certo que houbo unha ruptura vangardista, tamén é de xustiza recoñecer o interese de medios de comunicación, políticos e do efecto da nostalgia á hora de mitificala como unha época gloriosa.

Contar cunha nómina autoral de tanto talento é bo para Vigo, máis aínda cando sitúan as súas novelas na nosa cidade, xerando réditos culturais, económicos e turísticos, ademais de facer que vexamos as nosas rúas






con outros ollos. E é que unha boa estratexia de mercadotecnia pode servirse destes éxitos para promover a cultura local. É preciso normalizar a existencia dos *best sellers* galegos, evitando certo proselitismo que vai en contra do que máis vende ou do que se considera como mero entretemento. A cultura non se ten por que enfrontar contra a diversión, a literatura pode ser un excelente modo de evasión para facer máis levadiños os nosos días.

E se acompañamos as letras con viñetas? No mundo da banda deseñada tamén podemos atopar algúns exemplos do xénero, como *A causa do crime*, de **Tokio**, que nos sitúa no Vigo de 1984, xusto antes dun atentado na primeira folga xeral galega. Tamén a segunda parte da saga *Dos*, de **David Braña**, **José Manuel Montoro** e **Alex Segura**, que leva por subtítulo *Bucando respostas* en Vigo. Por último, en *Lobada* os irmáns vigueses **Ramón** e **Jose Manuel Trigo** sitúan na nosa urbe unha historia con espías, nazis e ata meigas.

Xa que falamos de imaxes, imos dar un salto seguindo as pistas deste xénero en formato audiovisual. A nosa cidade móstrase moi adecuada para acoller relatos propios do *film noir*, do que podemos mencionar uns poucos títulos que encaixen nesta categoría: *Lena* (2001), de **Gonzalo Tapia**; *Ilegal* (2003), de **Ignacio Vilar**; *Canciones de amor en Lolita's Club* (2007), de **Vicente Aranda**; *A praia dos afogados* (2015), de **Gerardo Herrero** ou *Toro* (2016), de **Kike Maíllo**. Mais parece que o xénero resulta bastante prolífico se estendemos a busca ao resto de Galicia, con obras como *A sombra da lei* (2018), de **Dani de la Torre**; *Quen a ferro mata* (2019), de **Paco Plaza** ou *A illa das mentiras* (2020), de **Paula Cons**, que a finais do mes pasado aínda lucía na carteleira dalgunha das nosas salas de cinema.

A primeiros deste tan escuro 2020 estreábase *Auga seca*, unha coprodución galego-portuguesa de seis episodios dirixida por **Toño López** cuxa trama comeza coa aparición dun cadáver no porto de Vigo, cidade á que se muda a irmá da vítima desde Lisboa para descubrir que pasou. Parece que o xénero encontrou un filón nas series de produción galega: *Matalobos* (2009), *Fariña* (2018), *O sabor das margaridas* (2018) ou as recentemente concluídas *Serramoura* (2014) e *A estiba* (2019), todas con maior ou menor presenza viguesa nos seus elencos; pero tamén as hai que foron directamente rodadas e ambientadas en Vigo de xeito total ou parcial: *O Nordés* (2009); *Vivir sin permiso* (2018)...



De feito, o mes pasado iniciouse a rodaxe da nova serie da produtora galega Bambú para Amazon Prime Video, un *thriller* ambientado nos anos corenta cun elenco encabezado por **Jean Reno** e **Aura Garrido**, no que se conta a caza dun asasino en serie que atemoriza a cidade. O plan de rodaxe está rodeado pola confidencialidade e ameazado pola pandemia mundial, pero a idea é que o equipo desta gran produción tinga as nosas rúas de color negra ata o mes de maio. Por sermos discretos e non tentar o demo, concluiremos dicindo que o título é... *Un asunto privado*.



NETFLIX



SILVERBACK

ourplanet.com

geoPlaneta



EXPOSICIÓN XA ABERTA

NUESTRO PLANETA



Sede Afundación Vigo

Policarpo Sanz, 26

Horario: luns a sábado, 17.30 a 21.00 h



Aplicamos medidas
de seguridade
e protección fronte
á COVID-19

//Afundación

Obra Social ABANCA

FAMILIAS A MONTE



Unha programación de múltiples actividades na natureza para familias. O ocio no exterior é vital para a cativada, tanto para o desenvolvemento físico como para o emocional. Ademais, de xeito lúdico e activo, é preciso mostrar a importancia de vernos como unha parte máis da natureza e medrar mostrando respecto pola vida dos seres cos que compartimos hábitat. Mesturando diversión e aprendizaxe, a actividade divídese en diversos grupos e datas.

Grupo de xogo libre, os luns, das 16:30 ás 18:30 h, no Freixo, Valadares.

Un campus moi vivo, mércores 4, das 17.00 ás 18.30 h, na Lagoas, Marcosende.

Explorando as rochas, mércores 11, das 17.00 ás 18.30 h, en Cabo Estai, Canido.

Sementando magostos, mércores 18, no Freixo, Valadares.

A vida no río salgado, mércores 25, na Foz do Lagares, Comesaña.



Prezo: 15,00 € (grupo familiar e data). Cómpre inscrición en miudinho.gal ou en eduambiental@miudinho.gal

LABORATORIOS DE EXPERIMENTACIÓN ARTÍSTICA

Proposta deseñada para vincular, desde un enfoque lúdico, creativo e diverxente, diferentes procesos de creación artística contemporánea coa riqueza do xardín botánico da avenida de Europa. A actividade divídese en dúas: *Fósiles botánicos* (creación e experimentación a través da pegada e a materia) e *Herbarium* (creación e investigación visual sobre as formas vexetais).



Data e hora: sábados, das 12.00 ás 13.00 h // **Lugar:** Xardín Botánico Fundación Sales // **Prezo:** 30,00 € (menor e adulto acompañante) // **Idade recomendada:** a partir dos 6 anos.

TÍTERES SIN CABEZA: 'BURBUJA'



O mar está cheo de burbullas que se acaban de formar e que nacen constantemente. Alí, onde os soños aboian e as ilusións se mergullan, hai todo un mundo por descubrir que nace das cousas máis pequenas, como unha suave onda ou unha raiola que nos salpica e nos enchoupa de vida. De Aragón vén esta proposta para descubrir o mar desde unha perspectiva diferente, a través do teatro de monicreques.



Data e hora: sábado 5, ás 18.00 h e domingo 6, ás 12.00 e ás 18.00 h // **Lugar:** Sala Ártika // **Prezo:** a partir de 7,00 € + gastos de xestión // **Idade recomendada:** aentre 1 e 3 anos // **Duración:** 20 minutos.





THE MOVING COMPASS: 'GAIA BABA'



O mundo perdeu toda a color e volveuse gris. Criaturas estrañas gobernan namentres que os desperdicios anegan todo. Pero queda alguén para devolver a esperanza mantendo o desexo de xerar un cambio. Alguén que empuña unha vasoira coa que pasa os días a varrer a interminable vaga de lixo. Gaia Baba, a derradeira meiga. Unha obra da compañía galaico-francesa The Moving Compass que clausura o Festival Galicreques.



Data e hora: sábado 21, ás 18.00 h e domingo 22, ás 12.00 e ás 18.00 h // **Lugar:** Sala Ártika // **Prezo:** desde 7,00 € + gastos de xestión // **Idade recomendada:** a partir dos 7 anos // **Duración:** 60 minutos.



ENTRE ARROLOS E CONTIÑOS

Os meniños comparten cos cuidadores un tempo de lecer, lonxe do ruído e as tarefas cotiás, espertando o interese pola literatura e a tradición oral a través de cancións, contos e xogos.



Data e hora: venres 13, das 18.00 ás 19.00 h // **Lugar:** Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas // **Prezo:** gratis // **Idade recomendada:** entre 1 e 3 anos // **Inscripción:** de forma presencial na biblioteca (ás 17:00 h en días laborables), no enderezo electrónico bpneiravilas@vigo.org ou chamando ao teléfono 986 26 77 59

BLANCANIEVES



Un espectáculo que combina comedia e poesía, mentres vai pasando por diferentes linguaxes escénicas como a danza, as máscaras, os monicreques, a música e o teatro de obxectos para facer unha adaptación moi singular do conto da Branca de Neve.



Data e hora: domingo 22, ás 18.00 h // **Lugar:** Auditorio Municipal // **Prezo:** 5,00 € // **Idade recomendada:** a partir dos 4 anos // **Duración:** 45 minutos.



No poboado indio respirábase ledicia. Pero un mal día, a valente Malintxe é capturada. Mantén na memoria as súas orixes e ao seu irmán Jon Braun, ese pequeno indio que, entre mentres, decide saír á procura da súa querida irmá. Unha historia emocionante na que o amor loita contra a adversidade.



Data e hora: domingo 29, ás 18.00 h // **Lugar:** Auditorio Municipal // **Prezo:** 5,00 € // **Idade recomendada:** a partir dos 4 anos // **Duración:** 55 minutos.





REDES DE INCERTEZA

TEXTO: JUDITH R. IGLESIAS FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

Desde que o mundo se paralizou, a cultura buscou un xeito de reinventarse, medrar e adaptarse á denominada *nova normalidade*. Unha normalidade marcada polo continuo vaivén da pandemia.

Nestes tempos, como nos lembra **Sara Pérez Bello**, directora da sala de exposicións Apo'strophe.art (no interior do Centro Comercial Plaza Elíptica), «a palabra clave é *incerteza*». As redes sociais convertéronse nun refuxio seguro para a arte, case en calquera forma de expresión, coa finalidade de manter a presenza na sociedade. Festivais de música a través de *streaming*, visitas guiadas a exposicións en directos de Instagram e charlas con figuras relevantes da cultura intentaron encher o baleiro que deixara tras de si a ausencia de público en cinemas, galerías e salas de concertos. Aínda así, é imposible acadar o mesmo efecto. En palabras de **Sara**: «Unha visita virtual pode axudar a contemplar a exposición cun maior grao de detalle, pero nunca vai desaparecer o encanto e a necesidade de estar fisicamente perante un cadro».

Percorremos a cidade para entender como se vive a arte neste momento e intentar aventurar que vai pasar alén de todo isto, cal pode ser o futuro que

nos queda como consecuencia da crise sanitaria da COVID-19. Así, atopamos diferentes miradas que viven en primeira persoa o latexar da cultura; concretamente, das artes plásticas. «O círculo de artistas da cidade está permanentemente informado pola súa conta; o problema fundamental reside en chegar á xente que aínda non está interesada nestes temas», comenta **Alfons Freire**, artista e director de Cubo, o espazo que inaugurou o pasado 23 de outubro a exposición titulada *Esto no es una galería*. A través da mostra, na que podemos apreciar as súas obras pictóricas, pretende contrarrestar a idea preconcebida de que as salas de exposicións son exclusivas de grandes coñecedores da arte ou para persoas cun poder adquisitivo elevado: «Isto non é así, pero existe unha especie de parede de vidro moi difícil de romper». Na súa opinión, o noso municipio é un punto complicado para a arte, pero iso non é escusa para deixar de facer cousas que poidan chegar á xente.

«O mundo da arte nunca foi sinxelo, pero agora non penso que sexa especialmente complicado», reflexiona pola súa banda **Paloma Vela**, coordinadora adxunta da Área de Cultura de Afundación e responsable das súas exposicións. «O público agarda constantemente a que novos artistas dean a coñecer novas creacións porque estamos mirando a pantalla todo o tempo». Trátase dun escaparate barato e interactivo que racha con calquera barreira física. O tempo de confinamento





supuxo, en certa medida, un arranque da creatividade. Foron momentos dunha calma forzada que impulsaron, ademais, esta realidade que ata entón só asomaba timidamente. «Grazas á nosa canle, AfundaciónTV, co programa #AfundaciónEnCasa, que se inaugurou unha semana despois de decretarse o Estado de Alarma, a colección permitiunos viaxar cando non se podía», conclúe. Actualmente, a mostra *O noso planeta*, en colaboración coa plataforma audiovisual Netflix, permanece na sede de Afundación, onde está a xerar un grande impacto, polo carácter interactivo e as novidades visuais que presenta.

A pesar da inestabilidade que estamos a vivir, os colectivos máis novos da cidade tamén apostan pola promoción da arte e dilúen as liñas máis tradicionais. Iniciativas como *F**K This Studio*, que se presenta como un espazo creativo «aberto a ideas loucas e movidas varias», ligado ás bases de Instagram para darse a coñecer. Desde as súas filas, prepárase a exposición colectiva *Scalextric sí*, de libre participación e que xira arredor dun dos símbolos máis emblemáticos dos tempos da movida.

«O mundo da arte está colonizado polo dixital», sinala **Pérez Bello**. «É unha ferramenta case imprescindible; agora poden ver as nosas exposicións desde Miami, pero isto non o é todo; as novas tecnoloxías



nunca interferirán no carácter social tan propio da cultura», remata **Paloma Vela**. Entrementes, nas redes séguese a traballar para chegar ao maior número de persoas posible e romper as distancias que a COVID-19 continúa ditando. Vigo respira arte. Porque a arte goza dun silencio especial, detrás do que sempre se está a mover algo.





JOSÉ A. MARTÍN CURTY

Doutor arquitecto

PACEWICZ NA DESMEMORIA

Se algún deseñador marcou a imaxe arquitectónica de Vigo no que constitúe a perla do seu ensanche, é dicir, a contorna do eixo de Policarpo Sanz, García Barbón e a Alameda da Praza de Compostela, ese non é outro que **MICHEL PACEWICZ**. O aire cosmopolita do centro vigués é froito da súa fulgurante actuación entre 1897 e 1915.



O icónico Edificio El Moderno, na Porta do Sol, é unha das imaxes viguesas máis reiteradas en carteis, documentais e postais. Todo un emblema arquitectónico da cidade, directamente emparentado con edificios moi similares que se erguen nas grandes avenidas da Cidade da Luz. Coa chegada de **Pacewicz**, creouse un firme lazo estilístico entre a nosa cidade e París. Na Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO), asumiu a estética neomedievalista, con detalles ornamentais

bizantinos que evocan directamente a outra icona parisiense: a Basílica do Sacré-Cœur, de Montmartre. Optou por un radical neogótico na Casa Yáñez, situada na Alameda, cuxa espléndida galería evoca o estilo de grandes arquitectos franceses do XIX, como **Violet le Duc** ou **Paul Abadie**. Por non falar dos dous primeiros cinemas estables vigueses: o Salón Cinematográfico Royalty e o Cine Odeón, os dous derrubados na orxía destrutora dos anos setenta. Eran dous edificios coa referencia directa dos primeiros cinematógrafos de París, cun aquel frívolo.

A pesar do selo que deixou **Michel Pacewicz** en Vigo, tras o seu falecemento, en 1921, a súa memoria caeu no esquecemento. Mentres **Jenaro de la Fuente**, **Manuel Gómez Román** ou **Antonio Palacios** eran citados, encomiados e homenaxeados, **Michel Pacewicz** quedaba no pozo da desmemoria. Os motivos deste ingrato desacordo podemos agora interpretalos, pero non debería caber a menor dúbida de que merece unha reivindicación na inminente centuria do seu pasamento. Malia os inconvenientes que nos asexan nestes atribulados meses, o Instituto de Estudos Vigueses (IEV) emprendeu este labor: un ciclo de conferencias sobre a súa influencia, a reedición ampliada da biografía *Pacewicz, arquitecto vigués* e, finalmente, unha exposición centrada na actividade que mantivo como arquitecto.

Prestaron interese uns bos veciños que, con iniciativa e financiamento propios, van alumar a fachada do Edificio El Moderno. Non ocultarei que constitúe para min, como biógrafo do benquerido **Michel**, todo un orgullo persoal ter contribuído ao labor de recuperación da súa memoria, da que é merecente.

Para cando unha rúa do Arquitecto Pacewicz?

AS OUTRAS LUCES



ERNESTO IS

Escritor

EXPERIENCIA ELECTROLÍRICA - LA GALERÍA -



A banda **Electrolírica** está formada polo actor, cantautor e poeta **Xan Solo** e mais a compositora e pianista **Cristina Morquillas**. O grupo negreirés trae o seu *show* de poesía escénica, combinada con electrónica e audiovisuais a La Galería. O mítico café de jazz da Ronda de Don Bosco é, desde hai dúas décadas, un local impulsor da escena artística. Música, arte e cinema conviven neste espazo único.

VENRES 13 // 21.00 HORAS
6,00 € // RESERVAS: 605 89 38 27

* Os horarios poden variar segundo as restricións legais de morbilidade nocturna por mor da segunda vaga da COVID-19.

CLASES DE DANZA - DANZA ALLEGRO -

Iniciación ao baile contemporáneo e moderno.

TODOS OS LUNS // 20.30 HORAS
MÁIS INFO: 698 15 13 77 @mattina.ballare

CADERNO BOTÁNICO - FUNDACIÓN SALES -

Obradoiro de debuxo e pintura para conectar coa natureza.

TODOS OS MÉRCORES // DAS 10.00 ÁS 12.30 HORAS
RESERVAS: info@salesxardin.com

XV FESTIVAL CATRO PEZAS - TEATRO ENSALLE -

Festival de danza contemporánea cos espectáculos: *In anima vil*, de **Lola Jiménez** e *Solo los solos*, de **Sandra Gómez**.

DO XOVES 5 AO SÁBADO 7
E DO VENRES 27 AO DOMINGO 29 // 21.00 HORAS
RESERVAS: teatroensalle.com

POMPETERA - URBAN MARKET MAHOU -

Recital poético de **Lúa Mosquetera** e **Pompa&Boato**, coa música de **Mori4rty** e **Fernán Permyu**.

SÁBADO 7 // 21.00 HORAS
12,00 €

'DA RAÍZ DO CORAZÓN', IRIA MEDRAÑO - ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAIÁNS -

18 poemas cantados e recitados con raíz no folclore galego.

SÁBADO 14 // 17.30 HORAS
AFORO LIMITADO



ESTELA GÓMEZ

Correctora literaria
e redactora de contidos

PULMÓNS CON AIRE MAREIRO

As mans que moldean a arxila e dan vida a este proxecto son as de **Tamara Abalde** (Vigo, 1990). Fascinada desde sempre pola creación e as artes escénicas, decidiu estudar Belas Artes para deixar que as ideas andasen á solta. Tempo despois, trasladouse a Barcelona, cidade que a inspirou e na que se moveu entre a danza e a videoarte.



Curiosamente, a cerámica non era a súa primeira opción, pero todo cambiou ao coñecer á ceramista **Emilia Guimeráns**. Axiña quedou namorada do abano de posibilidades que lle ofrecían os materiais e as formas e aos poucos meses inscribiuse na Escola de Artes e Oficios de Vigo (EMAO). A partir



de aí todo decorreu con fluidez, como acontece tantas veces cando alguén atopa a verdadeira vocación. Despois da EMAO tivo a sorte de poder traballar durante un ano en Ojea Studio (Premio Nacional de Artesanía como Produto, 2019), unha etapa que lle deu o pulo e as forzas para montar o seu taller particular e crear a súa liña de traballo baixo o selo de **HOLLYMARA**, cerámica contemporánea bautizada cun nome propio nacido da fusión de Hollywood e **Tamara**.

No imaxinario particular de *Hollymara* atopamos formas orgánicas e equilibradas que nos achegan ao mar decorando as nosas mesas. Unha das pezas estrela deste obradoiro de artesanía son os pulmóns, perfeccionados grazas a moitas prácticas de proba e erro, co fin de abordar a temática da contaminación mariña e a desaparición das barreiras de corais. Un claro chamamento á concienciación da sociedade ante a necesidade de coidar os nosos océanos, pulmóns xigantes e fonte de vida. Tamén atoparemos unha liña utilitaria na que cuncas, pratos e vasos son os protagonistas. As liñas dunha delicada vaixela de porcelana, na que cada peza é única, fan que poidamos gozar de cada sorbo en pequenos momentos do día a día.

Para adquirir calquera destas creacións artísticas, animámosvos a visitar a súa páxina web: hollymara.com. E quen se atreve a crear as súas propias pezas partindo desde cero? Isto tamén é posible con *Hollymara*, pois organiza obradoiros presenciais. Enche os pulmóns e avante!

REPORTEIROS



LUCÍA GQ

@luciagg

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal

Consulta as bases en amovida.gal/as-tuas-movidas

NON PERDAS NADA DO QUE ACONTECE EN VIGO.



QUERES ESTAR AO DÍA DOS ACONTECEMENTOS QUE CHE INTERESAN EN VIGO?
SUBSCRÍBETE AO NOSO BOLETÍN DE WHATSAPP, PERSONALIZADO E GRATUÍTO!



SELECCIONA O TIPO
DE **EVENTOS** QUE PREFIRAS
E **RECIBE INFORMACIÓN**
DO TEU INTERESE.

NINGÚN VAI TER ACCESO
AO TEU NÚMERO DE TELÉFONO,
NON TE ENGADIREMOS
A NINGÚN GRUPO.

VAS RECIBIR UN MÁXIMO
DE **TRES MENSAXES** AO DÍA.

DE BALDE!

INFÓRMATE EN AMOVIDA.GAL

a *Movida*  WHATSAPP

644 372 923



**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO

SET > DEC '20 **cultura**



Programación Municipal de ARTES ESCÉNICAS

Javi Tirado · Zanguango Teatro · Tiritirantes Circo Teatro · A Quinta do Cuadrante · Cinema Sticado · We Tum Tum · Jean Philippe Kikolas · Colectivo Verticalia · Vol'e Temps · Elefante Elegante · La Machina Teatro · El Pavón Teatro · Kamikaze · Companhia do Chapitô Talía Teatro · Teatro do Atlántico · Spasmo Teatro · La Quintana Teatro · Teatro Art'Imagem Rolabola · De Ste Xeito Producións · Ibuprofeno Teatro · Iron Skulls Co · Olivas Negras Luna Teatro · Danza Yllana, Klemark & Rami Eldar · Anita Maravillas · Exire · Caramuxo Teatro Producións Teatráis Excéntricas · Teatro Aforo · Da.Te Danza

INFORMACIÓN: www.vigocultura.org www.vigo.org
 Teléfonos: Desde Vigo. 010 / Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260
 Horario: Luns > Venres: 8:00 a 20:00 horas // Sábados: 10:00 a 14:00 horas

Vivimos nunha cidade fermosa